

Num. 286



Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



Manifestación en Compostela esixindo a derogación da Lei de Augas

A primavera arrincou coa manifestación en Compostela convocada pola Plataforma Galega contra a Lei de Augas; máis de 2.000 persoas e 25 colectivos -entre eles o SLG- apoiaron a primeira das protestas para esixir a derogación da Lei de Augas (páxinas 4 e 5)



En Ourense as mulleres do SLG esixen pensións dignas



Unha semana despois, o 26 de marzo, as mulleres do SLG manifestábanse en Ourense contra a reforma das pensións do Goberno, especialmente lesiva para as labregas; foi o acto reivindicativo do VIII Encontro de Mulleres do SLG que, desta vez, elixiu a aldea de Couso (Sarreaus) para botar tres días de convivencia e debates (páxinas 20 e 21)



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez
Colaboracións: Carme Freire,
Ana Rodríguez, Manuel Docampo,
Lidia Senra, Xabier Gómez Santiso
e Diego Sánchez Agra.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Lugo nº 19,
entrecán 1º esquerda. Tif. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º.Tif: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del
Riego, 5 - 1º C. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526

2 / Sumario

nº 286
Abril-Maio de 2011



Editorial

- A voltas co contrato lácteo.....3



Galiza

- Multiplícanse as accións da cidadanía para botar abaixo a Lei de Augas.....4/5
- Erimsa non terá licenza municipal en Cospeito....6
- Xornada de venda de produtos caseiros en Compostela o 10 de xullo.....7
- O libro de Tareixa Ledo Regal sobre Lidia Senra Rodríguez chega a Lugo e á Terra Chá.....8

Aldea Global

- A oposición da Vía Campesina ao acaparamento de terras centra o Día Internacional da Loita Labrega.....9
- O porcino na UE: non sobran explotacións, sobran porcos.....9



Sectores Gandeiros

- A afiliación do SLG decide que haberá mobilizacións se impoñen un contrato sen prezo para o leite.....10/11
- Un decreto lácteo sen baleiro de contido e sen solucións para o sector.....11
- Gandeiros e gandeiras denuncian á empresa Lácteos Tambre por impago diante da pasividade da Xunta.....12

Sectores agrarios

- O Congreso da Pataca pide máis control sobre as importacións e a semente.....13
- O Congreso de Horta, Froita e Flor pon á soberanía alimentaria como clave para o futuro do sector.....14/15
- Un novo decreto para o viño de costas ás pequenas adegas e aos colleiteiros e colleiteiras.....16



Montes

- Análise do borrador da nova Lei de Montes.....17
- Sinaturas contra o parque eólico do Couto de San Sebastián.....17

O Fouce está cofinanciado pola:



Mulleres

- A Lei de Titularidade Compartida cumpre unha demanda histórica das labregas.....21
- Crónica do VIII Encontro anual de mulleres do SLG. Couso (Sarreaus), 25-27 de marzo22/23



A voltas co contrato lácteo

Nesta primavera cúmprense tres anos da aparición, por primeira vez, da virtuosa idea de poñer en marcha un contrato, sen prezo, para solucionar os problemas do sector lácteo, que non son outros que o prezo.


A última volta de rosca deste proceso, tan obstinado como irracional, foi a publicación que vén de facer o Ministerio do Real Decreto que pon en marcha as Organizacións de Productores para negociar un prezo que non se pode negociar. Este prezo vaise plasmar nun contrato obrigatorio que aínda non o é; pero, se cadra, si que o é no futuro se a Comisión e o Parlamento Europeo quitan un regulamento que o permita.

Todo isto, que parece unha entelequia moi difícil de entender, non o é tanto se o que se pretende é facer propaganda sen gastar un peso. Facer propaganda para que a maioría da poboación pense que o Ministerio de Medio Rural está traballando arreo para solucionar o problema do sector lácteo. Pero, en realidade, non se gasta un peso en frear a liberalización dos mercados, nin en impedir que a gran distribución e os grandes poderes impongan as súas normas no seu propio beneficio, igual que se o Ministerio non existise. Porque os grandes capitais só necesitan gañar moito diñeiro, e o mellor xeito de facelo é roubándollo ao resto dos cidadáns e cidadás. E para roubar, mellor que non haxa normas.

Por iso veu a Galiza o secretario xeral de Medio Rural. Ía vir a directora xeral pero, como a mensaxe era fume, aumentáronlle o rango ao mensaxeiro, para que o fume pareza importante.

Mentres, os produtores e as produtoras xa sabemos que o contrato é fume, porque non serviu

para nada nestes tres anos que xa leva de existencia, nin o vai facer no futuro. Vemos como se intenta facer nosa unha responsabilidade que debería ser responsabilidade do Ministerio e da Administración: regular os mercados e as marxes comerciais para que os beneficios se repartan con xustiza e equidade en toda a cadea de valor.



Agora dirán que non temos mellores prezos porque os negociamos mal, que é culpa nosa que haxa moito leite no mercado, etcétera. Iso si, non poderán dicir que as nosas explotacións non son competitivas, xa que producen o leite máis barato do mundo. O que non está claro é cal é a vantaxe, para as persoas que traballan nelas, de que sexan tan competitivas.

Tamén queda cada vez máis claro que, dende as distintas administracións, non hai ningunha vontade de dar solución aos problemas do sector. É máis, todo o mundo sabe que non hai solución sen asumir o que levamos anos defendendo dende o Sindicato Labrego: hai que regular os mercados, tamén a produción axustándoa á demanda interna europea; e hai que impoñer prezos con garantía, que cubran custes, que permitan salarios dignos e solvencia para as explotacións. Non asumir estes obxectivos significa querer deixar toda a vantaxe ao gran capital e á gran distribución, e empobrecer todo o resto da cadea roubándolle o seu beneficio.

O problema é que non está o forno para bolos: como esta situación se prolongue, o sector leiteiro galego non terá solución, xa que cunha media de idade de 54 anos, sen case incorporacións e cun peche de 1.000 explotacións anuais, acádase un nivel moi alto de destrución que non será posible recuperar.

Claro que isto é querendo conservar o sector como conxunto, cos seus empregos, coas súas explotacións e coa súa ocupación vertebradora do territorio. Se, pola contra, só temos en conta a produción, como fai o criterio economicista do sistema capitalista e dos nosos gobernantes, chéganos cunha soa explotación que produza 2.250.000 toneladas para manter o nivel de "riqueza". ¿Non será iso o que pretenden?

Agora veñen tempos de traballos fortes, ensilados e sementeiras. Temos que mirar de sementar algo de ánimo para volver á loita por un futuro para o leite e para todas e todos nós, xa que cada vez está máis claro que sen esa loita non hai esperanza no porvir.

A cidadanía mobilízase para botar abaixo a Lei de Augas

O 20 de marzo foi a data escollida pola Plataforma Galega contra a Lei de Augas para a primeira manifestación contra esta lei privatizadora da auga de Galiza, pola proximidade co Día Mundial da Auga (22 de marzo). Remataba con esta acción un tempo de asembleas e xuntanzas explicativas por varias comarcas do País, ao mesmo que se iniciaba unha nova etapa de loita global e de impulso de plataformas comarcais para seguir traballando até a derogación desta lei.

A presenza das xentes do rural foi notábel nesta manifestación, ao mesmo que está sendo vital para o aumento da conciencia social sobre a gravidade do problema.

Para que a auga sexa un ben universal, social de propiedade común e de xestión pública

A marcha cívica partiu da Alameda e rematou na praza da Quintana. Alí, representantes das diversas organizacións que integran este movemento deron lectura a un manifesto que contiña as seguintes propostas:

1. A **derrogación** da Lei de Augas de Galicia.
2. Que todas as augas de Galicia sexan consideradas na lexislación un **dereito fundamental para a vida** das persoas, os animais e as plantas. Un ben universal, social, de propiedade común e de xestión pública e participativa.
3. Que os gobernos e as institucións asuman a súa **responsabilidade** como factor contaminante e como planificador e transmisor de hábitos de vida e consumo pouco



Dous detalles da manifestación do 20 de marzo: pancarta do SLG na praza da Quintana (arriba) e cabeceira na rúa do Vilar (abaixo)

respectuosos co medio ambiente e que establezan medidas correctoras: á construción de grandes infraestruturas, á acumulación de poeiras en cidades, aos asfaltados masivos de grandes áreas urbanas, á promoción de industrias contaminantes, aos incentivos ao consumismo, á canalización de acuíferos, á contaminación por acumulación en encoros, ao non separar as augas pluviais, etcétera.

4. Priorizar e establecer a **gratuidade para o uso da auga como alimento e aseo** para

as persoas, os animais e a produción de alimentos no marco da soberanía alimentaria.

5. **Impedir a construción de mais centrais hidroeléctricas** e que as existentes revertan ao público no remate da súa concesión; impedindo tamén o transvase de auga a outras comunidades.

6. **Prohibir por lei a privatización das augas**, incluído o subministro e a depuración que deberán ser públicos e de xestión municipal, veciñal ou particular dependendo da propiedade das instalacións.

“Señor Feijoó, non queremos que arranxe a lei, queremos que a derogue”

Ao final da manifestación, interveu a secretaria xeral do SLG, Carme Freire. De seguido, algunhas das súas frases máis:

■ Advertencia a Feijoó:

“Señor Feijoó, o que esiximos hoxe aquí é innegociable: non queremos que arranxe a lei, queremos que a derogue”

■ A auga debe ser un ben social e de xestión pública.

“Pedimos leis que nos garantan o acceso gratuíto á auga salubre, como alimento, como hixiene e como recurso necesario para a produción de alimentos. Queremos que se nos garanta a auga como ben social e de xestión pública”.

■ A auga é algo sagrado co que non se xoga.

“A forza que nos brota hoxe aquí vai moito máis alá da ideoloxía e do que votamos cada un de nós, (...), xa que entendemos que a auga é algo sagrado co que non se xoga”.

■ O dereito á vida dos nosos fillos e fillas.

“Fálolle como nai, como tantas nais e pais con fillos e fillas que non se merecen que lles deixemos hipotecado o seu dereito á vida”.

■ Xa derrotamos á cota empresarial...

“Se temos que loitar outros quince anos máis para derrogar a Lei de Augas, do mesmo xeito que fixeron moitos labregos e labregas contra a cota empresarial, loitaremos”.

O SLG presentou alegacións ao anteproxecto de decreto polo que se aproba o estatuto de Augas de Galicia

Unha entidade pública empresarial como primeiro paso na privatización

O pasado 1 de abril, representantes das organizacións que integran a Plataforma Galega contra a Lei de Augas, acudiron ao rexistro da Consellaría de Medio Ambiente para presentar alegacións ao ante-

proxecto de decreto dos estatutos de Augas de Galicia, que é o primeiro paso para privatizar todas as augas do noso país: a entidade pública Augas de Galicia pasará a ser de carácter público-empresarial.

O anteproxecto de decreto que se nos presenta pretende desenvolver o cambio de réxime xurídico de Augas de Galicia, que xa se anunciaba na lei 9/2010 de 4 de novembro de augas de Galiza, converte a esta entidade en administradora única e ordinaria da política de augas de Galiza, asumindo todas as competencias que en materia de augas ten transferidas a comunidade autónoma no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galiza. Así como a interferencia nas competencias que en materia de augas lle son propias aos concellos.

O cambio de réxime xurídico de Augas de Galicia, deixando de ser un ente público de dereito público a converterse nunha entidade pública empresarial axustando regularmente a súa actuación ao dereito privado, supón un cambio de criterio político e xurídico de gran magnitude ao considerar a auga como un ben comercial en contradición co concepto de ben universal, coa función social e coa consideración de dereito humano universal.

Ao establecer que Augas de Galicia é a administración única e ordinaria en materia de augas e amais convertela nunha entidade pública empresarial, estase a facer de todas as augas unha actividade económica, na que ten responsabilidade un organismo público (a día de hoxe) e que ten unha prestación privada. O Goberno da Xunta fai de Augas de Galicia unha empresa en réxime de monopolio natural que nas rela-



Carme Freire foi unha das representantes da Plataforma Galega contra a Lei de Augas que presentou alegacións en Medio Ambiente

cións externas funciona coas normas do libre comercio.

O feito que a Lei de Augas no referente á fiscalidade e, concretamente, ao canon que establece ao uso e consumo de augas, considere como suxeitos pasivos a título de contribuíntes ás persoas físicas que usen ou consuman real ou potencialmente a auga de calquera procedencia, con calquera finalidade e mediante calquera aplicación. (Art. 46 lei 9/2010). A consideración de consumo ou uso potencial reforza e confirma a consideración de ben comercial que lle dá a Lei de Augas de Galicia e o propio anteproxecto de decreto polo que se pretende aprobar o estatuto de Augas de Galicia.

Esta consideración da auga, de todas as augas de Galiza como ben comercial, contradí a Directiva 2000/60/CE de 23 de outubro de 2000, polo que se establece o marco comunitario de

actuación no ámbito da política de augas, que ao seu inicio di "(1) A auga non é un ben comercial como os demais, senón un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal".

O feito de que a administración única e ordinaria en materia de augas nas súas relacións para cos usuarios e consumidoras, concesionarias e o resto de relacións externas funcione coas normas do libre comercio, supón a privatización da auga, por máis que, de momento, Augas de Galicia sexa unha empresa de capital 100% público e de control público (control do Consello da Xunta e a Comisión de Contas, pero non do Parlamento).

Ademais, a lexislación permite á empresa Augas de Galicia dar entrada a participación privada, incluso o propio anteproxecto de decreto a que nos referimos no seu artigo 23 permite a creación e constitución de

sociedades mercantís e a participación en calquera outra sociedade constituída por entes particulares. Tamén no artigo 30 referente aos recursos económicos, refírese a celebrar convenios con empresas e institucións privadas.

Atopámonos ante unha fórmula de privatización (das máis de 40 documentadas) consistente en: "A transferencia de activos do sector público ao privado a través da explotación de actividades, normalmente de servizos públicos, que con antelación prestaba un organismo público e que, mediante licencias, convenios, concesións, contratos, poxas, etc., pasan ao sector privado, ben transferindo a súa organización (que se fará baixo formas xurídicas privadas aínda que o seu control, financiamento e xestión podan seguir en mans públicas) ou ben a súa xestión (mediante unha empresa privada). Estas posibilidades de transferencia poden darse soas ou combinadas a vez..."

Estamos, entón, ante un caso de inicio dun proceso de privatización, por parte da Xunta de Galiza, que ten a peculiaridade de actuar sobre a auga, un ben fundamental para a vida, un ben social, universal, natural, un dereito humano e de toda unha competencia pública.

Neste sentido solicitamos a derogación da lei de Augas, que non se cambie o réxime xurídico do ente Augas de Galicia e que se abra un período de debate con toda a cidadanía con total transparencia onde se determine cal é o mecanismo a escoller para o cumprimento dos obxectivos comunitarios que se concretan na Directiva 2000/60/UE, e que se resumen na protección en calidade e cantidade das nosas augas.

A mobilización social forza cambios na aplicación da Lei de Augas

O 27 de abril, a Consellaría de Medio ambiente publicaba un comunicado no que se anunciaba un acordo cos outros sindicatos agrarios para regular a aplicación do canon da auga. Aínda sen coñecer o texto do acordo, no Sindicato Labrego reafirmámonos na loita pola derogación da Lei de Augas de Galicia porque supón a privatización da auga e o pago polo seu uso e consumo.

Son a conciencia e mobilización social pola derogación da Lei de Augas as

que trouxeron como consecuencia que se anuncie un regulamento de aplicación do canon que, segundo prometen, non cobrará as actividades agrarias nin aos subministradores particulares.

Esta mesma presión social levou ao propio presidente da Xunta, con anterioridade, a comprometerse a non cobrar o canon no rural.

Resulta chamativo o momento electoral no que se fai este anuncio de regulamento de aplicación do canon, cando aínda o Con-



A Plataforma Galega contra a Lei de Augas fixo unha concentración de protesta, o pasado 13 de abril, na inauguración dunha xornada formativa sobre a Lei de Augas a cargo do seu máximo responsábel político, o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández

sello da Xunta non aprobou o decreto do estatuto de Augas de Galicia.

O comunicado non cambia en nada a consideración que no Sindicato Labrego temos desta lei, polo que

seguiremos a loitar, dentro da Plataforma Galega contra a Lei de Augas, para que coa mobilización social sexamos capaces de impedir que se especule coa auga, conseguindo a derogación da lei.

Desestiman o recurso de Erimsa contra Cospeito pola licenza para extraer cuarzo

A Comisión contra as minas na Terra Chá celebra que a mineira non poida ter permiso de actividade

O xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Lugo vén de ditar sentenza desestimatoria en relación á demanda promovida pola empresa mineira Erimsa contra o Concello de Cospeito.

Aínda que pode recorrer a sentenza, agora mesmo Erimsa non poderá obter licenza urbanística nin de actividade en Cospeito por silencio administrativo, tal e como pretendía tras

solicitala e non obter resposta municipal. Están á espera de recibir sentenzas semellantes Castro de Rei e A Pastoriza, tamén demandados por esta empresa mineira de Noruega.

Erimsa ten tres concesións mineiras para extracción de cuarzo que afectan a preto de 6.000 hectáreas nos concellos de Cospeito, Castro de Rei, A Pastoriza, Vilalba, Abadín e Riotorto.

A finais de 2008, solicitou as licenzas urbanística e de actividade en Cospeito, Castro de Rei e A Pastoriza. Os concellos non contestaron e Erimsa entendeu concedidas as licenzas por silencio administrativo. Sen embargo, os consistorios, amparándose na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, afirmaron, entón, que non cabía entender o silencio administrativo como positivo, polo que Erimsa presentou recursos contencioso-administrativos contra os concellos afectados.

■ O Sindicato Labrego tamén foi co-demandado

Agora, os tribunais veñen de dar a razón ao Concello de Cospeito e a varias persoas e entidades co-demandadas, coma Gonzalo Rodríguez Ferreiro, que compareceu en representación da Comisión; o Sindicato Labrego Galego; e varios gandeiros e gandeiras e veciños e veciñas. A Comisión contra as minas da Terra Chá celebrou a sentenza e expresou o seu desexo de que os contenciosos interpostos contra os concellos de Castro de Rei e A Pastoriza teñan igual desenlace.

A oposición ás minas na Terra Chá comezou en 2006, coas concesións feitas a Erimsa, e tivo e está a ter unha forte contestación do



O SLG é unha das organizacións que defende ás explotacións agrogandeiras da Terra Chá fronte á especulación mineira

sector agrogandeiro. Isto é así por que as concesións aprobáronse sen ter en conta, entre outros, os intereses agrogandeiros na declaración de impacto ambiental. Isto é grave, pois nos terreos

afectados hai zonas de regadío e de colonización. Tamén hai zonas afectadas concentración parcelaria e que, polo tanto, son de "utilidade pública e urxente execución".

Xornada reivindicativa do produto caseiro en Compostela

Será o 10 de xullo e poderán participar os produtores e produtoras do SLG que fan venda directa

O pasado 14 de marzo, reuníase en Compostela o grupo de traballo de venda directa do SLG para organizar varias actividades e accións dirixidas a fortalecer a actividade daqueles e daquelas que

apostan por comercializar os seus produtos sen intermediarios. Entre as medidas tomadas, facer unha feira en Compostela e mellorar as condicións de traballo en diversas prazas de abastos.

Unha das primeiras decisións tomadas foi a de afrontar a nova normativa que regula o rexistro xeral sanitario de alimentos do Ministerio de Medio Rural, acordándose pedir un encontro con responsábeis da Consellaría de Sanidade para saber como se vai aplicar esa normativa na Galiza.

Tamén se falou dos problemas cos regulamentos das indicacións xeográficas protexidas dos sectores vexetais como faba de Lourenzá, pemento de Herbón, pemento de Oimbra e grelo, porque lles están a esixir o rexistro sanitario aos produtores e ás produtoras que fan venda directa. Neste caso, vaise pedir unha xuntanza no Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Inga-cal), que é o que leva a



O Sindicato Labrego xa ten feito xornadas de reivindicación da venda directa de produtos caseiros, como a da imaxe en Compostela

xestión destes consellos reguladores.

Outra das decisións tomadas foi a de organizar, para o 10 de xullo, unha xornada reivindicativa do produto caseiro e da venda

directa en Compostela, evento que se aproveitará para presentar unha web informativa onde estarán presentes os produtores e produtoras que fan venda directa do SLG.

Accións para mellorar a venda directa nas prazas de abastos de Lugo e Ordes

Unha das medidas acordadas tivo que ver con seguir xestionando a mellora das condicións de traballo para a xente que fai venda directa en prazas de abastos.

En Lugo, o SLG mantivo unha reunión coa concelleira de mercados, Luísa Zarzuela, para falar da reforma do regulamento das prazas e mercados municipais de abastos do concello, xa que había ruxerruxes de que se ían poñer atrancos á venda directa.

Nembargante, Zarzuela manifestou o contrario, afirmando que ían dar facilidades para animar á xente a ter un posto de venda directa na praza (co pago dunha taxa de 20 euros anuais) os días habilitados para facelo, que son os martes e os venres; e que contra máis vendedores e vendedoras haxa, mellor.

Ademais, queren buscar novas alternativas de venda directa para os outros días da

semana, como un mercado ecolóxico ao que poderán acudir as xentes que tamén vendan os outros días.

■ Novo regulamento en Ordes

Pola súa banda, o 12 de abril, presentáronse ao Concello de Ordes unha serie de propostas de cara a apoiar a venda directa a través da mellora do novo regulamento da praza de abastos.

En concreto, pediuse unha nova redacción do parágrafo 3, artigo 10, que debería dicir: "O Concello autorizará e promoverá a venda de produtos procedentes da súa colleita, no recinto do Mercado a aquelas agricultoras e aqueles agricultores produtoras/es directos que o soliciten e obteñan a correspondente autorización municipal. Para isto deberán acreditar debidamente a súa condición de agricultoras/es...".

A nova suba da tarifa eléctrica pon contra as cordas ás explotacións

O SLG expresou o seu rexeitamento á nova suba da electricidade aplicada a partir de 1 de abril, superior ao 10% na tarifa, e que afectou a aqueles contratos da modalidade "mercado libre" e aos da "tarifa de último recurso (TUR)" cunha potencia contratada de 10 Kw ou máis. Dado que o meirande das explotacións están obrigadas a ter unha potencia eléctrica superior á devandita, os sectores agrogandeiros foron dos máis afectados pola nova suba do recibo da luz.

O encarecemento da electricidade súmase ao incremento brutal dos custes de produción que, no último ano, foi do 43'8 % nos fertilizantes, do 27'8% nos pensos para gando vacún ou do 40'6% na alimentación porcina, e sen esquecermos a suba do gasóleo agrícola, que pasou dos 0'70 de 2010 aos 0'90 céntimos de agora. Tamén habería que engadir a isto a suba do 6% no butano, pois o meirande das explotacións utilizan esta fonte de enerxía para quentar auga.

Estes incrementos dos custes, unidos a uns prezos agrarios en orixe estancados ou á baixa, sitúa a miles de explotacións ao borde do peche.

Curso homologado de incorporación á agricultura en produción hortícola

O local do SLG en Compostela está organizando un curso de incorporación á agricultura na modalidade de horta. O curso está homologado pola Consellaría de Medio Rural e comeza o 23 de maio. O horario será de 16:00 a 21:00 horas e desenvolverase en Merín (Vedra). Duración: 250 horas. Máis información no teléfono 981 588 532.

Lidia Senra Rodríguez galardoada co Pedrón de Ouro

A Fundación do Pedrón de Ouro decidiu darlle o seu máximo galardón, neste ano 2011, á que fora secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego entre 1989 e 2007, e actual secretaria de organización, Lidia Senra Rodríguez, en recoñecemento á súa traxectoria vital e profesional.

Nun comunicado enviado aos medios de comunicación, a comezos de maio, a Fundación do Pedrón de Ouro cualifica a Lidia de "líder indiscutible do sindicalismo labrego galego, feminista galega e referencia obrigada dentro do movemento agrario europeo e internacional". A Fundación explica que "con este recoñecemento o Pedrón de Ouro tamén quere visibilizar e valorar o traballo colectivo das mulleres labregas de Galicia".

A entrega do Pedrón de Ouro será o vindeiro domingo, 29 de maio, ás 12:30 horas, na Casa Museo de Rosalía de Castro, en Padrón. Posteriormente, ás 14:30 horas, haberá un xantar ao que poderá asistir quen queira, previa reserva (antes do 27 de maio) no teléfono 981 811 312.

O libro de Tareixa Ledo Regal deuse a coñecer en Lugo e na Terra Chá



Imaxes das presentacións do libro de Tareixa Ledo Regal no centro social Uxío Novoneyra de Lugo (arriba) e en Vilalba (abaixo)

Tareixa Ledo Regal arribou a terras de Lugo e da Terra Chá para presentar, alí tamén, o seu libro "Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable". Foi o 15 de abril, na capital lucense, e o 28 de abril, en

Vilalba. En todas as presentacións, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, acompañou ás dúas protagonistas, Lidia e Tareixa, xunto a dúas de asistentes.

Cinco concellos declaráronse libres de transxénicos no que vai de ano

Nos primeiros meses do 2011, cinco concellos galegos decidiron declararse oficialmente zonas libres de transxénicos: A Baña (30 de marzo), Muxía (18 de marzo), Cabana de Bergantiños (28 de febreiro), Gondomar (28 de xaneiro) e Salceda de Caselas (12 de xaneiro). A estes habería que engadir dúas novas incorporacións á lista a mediados de decembro do ano pasado: Zas e Laxe. Agora mesmo, hai 24 concellos na Galiza declarados zonas libres de OXMs.

A maiores, o pasado 12 de abril, a Plataforma Galega Antitransxénicos, da que forma parte o SLG, presentou unha denuncia diante da fiscalía de Medio Ambiente "alertando da falta de transparencia das distintas administracións competentes na aplicación do regulamento dos cultivos transxénicos".

No escrito tamén se denunciou "a falta de inspeccións e controis administrativos obrigatorios que garantan o cumprimento de todas as medidas de bioseguridade nos campos galegos con cultivos transxénicos".

Carme Freire na homenaxe a Xosé Neira Vilas invitada pola Liga Estudiantil Galega

Con motivo do cincuenta aniversario da publicación de Memorias dun neno labrego, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, participou nunha homenaxe ao escritor Xosé Neira Vilas organizada pola Liga Estudiantil Galega.


Carme Freire impartiu unha conferencia na facultade de Filoloxía, baixo o título "O rural galego. Oportunidades de futuro", o pasado 12 de abril.

Prezo de
venda ao
público:

18 €

Prezo especial
para afiliados
e afiliadas:

15 €



Xa podes mercar o libro

"Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable"

de Tareixa Ledo Regal
(Edicións Laiovento)

Presentacións: 12 de maio na Estrada: ás 12:30 horas no Museo do Moble; 14 de maio en Vilanova de Lourenzá, presentación organizada polo Movemento Rural Cristián Galego polo San Cidre; 15 de maio en Padrón, ás 12:00 horas; 19 de maio en Pontevedra, ás 20:30 horas, convocada pola Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria e organizada por Política Lingüística do Concello de Pontevedra; 19 de maio no Salnés: ás 12:30; 31 de maio en Vigo: organizada polo Centro de Documentación e Recursos Feministas da Concellería de Igualdade de Vigo; 17 de xuño en Chantada.

A oposición ao acaparamento de terras centra o 17 de abril

O Día Internacional da Loita Labrega sáldase con máis de cen accións reivindicativas no mundo

A Vía Campesina, da que é membro o SLG, celebrou en todo o mundo a xornada do 17 de abril, Día Internacional da Loita Labrega. E fíxoo con máis de cen accións en distintos países de Europa,

Asia, América e África para reivindicar a agricultura labrega e o dereito dos pobos á soberanía alimentaria. Dentro desta loita, denunciouse expresamente o problema o crecente do acaparamento de terras.

Neste 17 de abril de 2011, a Vía Campesina reiterou “a necesidade de liberarnos do sistema de produción industrial de alimentos”, e reafirmouse “na crenza de que a agricultura labrega pode alimentar ao mundo”.

Para a Vía Campesina “a crise alimentaria actual amósanos que o sistema de produción de alimentos industrial predominante fracasou e que as promesas do Cumio da Alimentación de 1996, co obxectivo de desenvolvemento do milenio de reducir a fame no 2015, non se cumprían. Pola contra, o número de persoas esfameadas incrementouse de 800 millóns en 1996 ás 1.000 millóns de hoxe en día.

Aproveitando a celebración desta data, a Vía Campesina publicou unha declaración contra o acaparamento de terras con ocasión da xuntanza do Banco Mundial en Washington. Coma esta, houbo dúas accións en todo o mundo que, desta vez, estiveron moi centradas na loita contra o acaparamento de terras por parte das grandes multinacionais.

Este problema tamén nos afecta de cheo na Galiza, onde estamos a sufrir a invasión de terras agrícolas por cultivos enerxéticos ou de eucalipto, ficando as nosas explotacións sen base territorial.

O secretario xeral da Vía Campesina, Hery Saragih, advertiu que “as transnacionais vanse facer con terra de todo tipo e tamaño. Non haberá lugar para que vivan os labregos e as labregas, os pobos e as comunidades”



Diversas accións da Vía Campesina o 17 de abril. De arriba a abaixo: manifestación en Jacarta (Indonesia), bloqueo da multinacional Cargill en Bélxica, e protesta contra os agrocarburentes en Berlín

Crise porcina na Unión Europea: non sobran explotacións, sobran porcos

A Coordinadora Europea da Vía Campesina analizou as raíces da crise que está a sufrir o sector porcino en toda a Unión Europea, no que cada vez hai menos explotacións e máis porcos con máis peso.

Esa sobreproducción que fai que os prezos caian, unida ao aumento dos gastos (nomeadamente, polo encarecemento dos cereais), fai que se estea a producir por baixo dos custes de produción.

Fronte a esta situación de crise, a industria teima en que cómpre concentrar a produción en menos explotacións, deixar entrada libre ás exportacións de soia transxénica na UE e compensar as perdas de produtores e produtoras con axudas públicas.

■Prezos mínimos e mantemento de activos agrarios

Mais, para a Coordinadora Europea da Vía Campesina, esas solucións só benefician aos de sempre: ás grandes industrias do sector, que seguirán obtendo materia prima barata grazas aos prezos de miseria e grazas ao peto dos e das contribuíntes da Unión Europea que compensarán cos seus impostos -en forma de axudas- os beneficios que as industrias lle usurpan ás explotacións.

Xa que logo, entre outras medidas, a Vía Campesina aposta por controlar a produción, axustando os porcos criados en Europa en función da demanda europea; limitar o tamaño das explotacións, fixando un número máximo de porcos por hectárea; parar a concentración da produción, que diminúe o número de gandeiros e gandeiras en troques do número de porcos; e fixar prezos mínimos que garantan a cobertura dos custes produtivos e beneficios dignos para as explotacións.

O SLG advirte que haberá mobilizacións se impoñen o contrato sen prezo

O Congreso do Leite reelixiu a Lupe Prado como responsábel, e a Miguel Sánchez de vicerresponsábel

O Sindicato Labrego celebrou, o 18 de marzo, o seu Congreso do Leite en Ordes no que, amais de renovar responsábel e directiva para o sector, tomou a decisión de organizar mobi-

lizacións en caso de que o Ministerio de Medio Rural teimase en aprobar o Real Decreto que obrigue a asinar contratos sen un prezo mínimo que cubra os custes de produción e deixe

beneficios dignos nas explotacións. Polo de agora, o Real Decreto publicado no BOE só crea as organizacións de produtores e segue deixando ao sector sen regular (páxina seguinte).

Os novos cargos elixidos no SLG para coordinar a nova Dirección Nacional do Leite foron: a gandeira vilalbesa, Lupe Prado, que xa ocupou esta responsabilidade os últimos catro anos; e Miguel Sánchez, de Cesuras (A Coruña), como vicerresponsábel.

■ Emendas ao relatorio

A primeira emenda do Congreso fixo referencia directa á reforma das pensións, que atrasa a idade de xubilación aos 67, e pide “a xubilación aos 60 anos” por esixir a actividade gandeira “traballo físico, rudo e con exposicións a elementos químicos e físicos desfavorables para o organismo”.

Tamén se engadiu unha proposta máis para as explotacións que fai referencia ao Ligal e a que “os barómetros de referencia das calidades do leite están desfasados con relación ao novo rexistro de explotacións de calidade, en células somáticas, inhibidores, etcétera”.

Outro dos acordos importantes do congreso foi o de



Congreso do Leite do Sindicato Labrego Galego 18.3.11

Arzúa-Melide: Pilar Castro, María Luz Pacheco. **Betanzos:** Raimundo Quintián, Miguel Sánchez.

Ferrolterra: Ramón Alfonso Abella, Isidro Calvo, Saturnina Landrove.

Fisterra: Faustino Gándara, Lidia Otero, María Isabel Rey, Xabier Romar.

Ordes: Xoán Cao, Xosé Manuel Liste, Lourdes Varela. **Teixeiro:** Xosé Cabo, Flor Vázquez, Alberto Vázquez.

Xallas: Alonso Iglesias, Dorinda Pérez, Digna Pérez. **A Mariña:** Narciso Cid, Pedro Sánchez, Marta García.

Chantada-Monforte: María Luz Cadahia, Xoana González, Xosé Lois Lareu.

Sarria: Ananias García, Manuel López. **Terra Chá-Meira:** María Pilar Cervantes, Dina López.

Terra Chá-Vilalba: Xosé Lois Cendán, Monserrat Cornide, Manuel Paz, Lupe Prado.

Deza: Mercedes Castro, Xosé Anxo Oro, Manuel Doporto, María Elsa González.

Tabeirós: Xosé Manuel Gestoso, Beatriz Brea, Ana Martínez.

traballar na defensa da calidade dos nosos queixos. Neste senso, defenderase que

non se amplíe o ámbito territorial das denominacións de orixe, e que utilicen leite pro-

ducido nas comarcas onde estean asentadas as queixerías inscritas.

O prezo do contrato debe cubrir custes e beneficios

Finalmente, quedou fixada a demanda de que o prezo do leite debe cubrir “os custes de produción, unha renda digna e a remuneración do traballo na explotación”.

Neste senso, unha das principais decisións tomadas pola afiliación no congreso foi a de non quedar de brazos cruzados en caso de que o Ministerio impoña contratos

obrigatorios sen prezo. De ser así, decidiuse organizar mobilizacións para que se poida negociar colectivamente un prezo base que cubra os custes de produción e deixe unha marxe de beneficio digna que remunere o traballo nas explotacións.

A afiliación do SLG acordou no congreso emprender mobilizacións se obrigan a asinar contratos sen prezo



Lupe Prado,
responsábel
do sector
do leite



Lupe Prado destacou do congreso que serviu “para poñernos ao día co sector e para reafirmarnos nas nosas posturas á hora de defender o control público da produción, a regulación dos mercados e un contrato que garanta un prezo digno”.

Para Lupe, a gran “novidade” foron as organizacións de produtores lácteos (OP) e dixo telo moi claro respecto delas: “aínda que nos queiran vender que as OP poden negociar os prezos do leite, non é así. Por que non valen as organizacións agrarias, como até agora? Para que nace un novo organismo de negociación se seguimos carecendo do básico, que é termos un prezo de base digno para o leite?”

Miguel Sánchez,
vicerrespon-
sábel do
sector do
leite



Tralos debates do Congreso do Leite, Miguel Sánchez teno claro: “debería seguir existindo un control da produción, a nivel europeo e estatal porque, se liberalizan o sector, van baixar moito os prezos” e “os contratos, como non cambien, non valen para nada, pois serán contratos sen a garantía dun prezo mínimo nin de recollida do leite”. A mesma opinión lle merecen as organizacións de produtores, que só servirán “para cobrar subvencións”.

Nestas circunstancias, Miguel Sánchez ve ao sector leiteiro desanimado, sobre todo diante dunhas medidas que se están a tomar dende os poderes públicos que “só conducen a acabar con nós”.

Un decreto lácteo sen solucións aos problemas do sector

O Ministerio recúa á hora de facer obrigatorios os contratos e de permitir a indexación de prezos

Tal e como prometera o Ministerio de Medio Rural (MARM), publicábase o 1 de abril o real decreto lácteo. Para sorpresa de todos e todas, o decreto non articulaba ningunha das medidas prome-

tidas: nin o leite se vai vender con contrato obrigatorio, nin vai a haber negociación; tan só serviu para crear as organizacións de produtores e lavar as mans en vésperas das eleccións de maio.

De nada serviron todos os meses de traballo e debates ao redor do contrato lácteo. O texto orixinal dicía que “todas as entregas de leite cru que teñan lugar en España serán obxecto de contratos escritos entre produtores e compradores” e facía obrigatorio este contrato. Nada diso apareceu no Boletín Oficial do Estado (BOE).

O Sindicato Labrego Galego baseou todas as súas críticas ao proxecto de Real Decreto na obrigatoriedade para contratos sen un prezo negociado colectivamente que estaba prevista, pois estaba en contra de que fose obrigatorio un contrato que podía fixar prezos cos que non estivesen de acordo as explotacións. Nembargante, o feito de que se obviase, finalmente, esa obrigatorio, non fai mellor o



Lupe Prado, primeira pola dereita, e Carme Freire, no medio, reuníronse con Tamarit para confirmar o contido baleiro do decreto

texto publicado no BOE.

Quitando que o Ministerio de Medio Rural enganase a todos os axentes do sector coas negociacións sobre o real decreto, isto corrobora que non hai ningunha inten-

ción pola súa parte de buscar solucións á crise do sector leiteiro. O único que demostrou o MARM até o de agora foi a súa intención de quedar ben sen gastar un peso.

O SLG preguntou pola posición do MARM nas negociacións en Europa

Dende o Sindicato Labrego Galego, temos que denunciar que o Real Decreto do Sector Lácteo non é máis que pura propaganda para lavar as mans diante do electorado rural antes das eleccións municipais que se aveiciñan. Só este oportunismo electoral explica a visita do director xeral de Medio Rural do MARM, Eduardo Tamarit, que convocou ás organizacións agrarias e ás cooperativas, o pasado 15 de abril na Coruña, para presentar-lles un real decreto que segue deixando indefensas ás explotacións leiteiras diante da industria e das grandes distribuidoras.

Por mor do devandito, Carme Freire preguntoulle a Tamarit cal ía ser a posición do Estado Español nas negociacións que se están a desenvolver en Bruxelas de cara a dar contido ao real decreto lácteo: “Queremos saber

se o Estado Español vai defender que siga habendo control da produción público para que haxa prezos; queremos saber se os produtores e produtoras imos ter a capacidade real de negociar un prezo base por baixo do cal non poida pagarnos a industria; e queremos saber como van facer para que as grandes multinacionais da distribución respecten tamén unhas regras do xogo e non teñan a liberdade que teñen agora para botar por terra, ao seu antollo, o valor do leite”. A pesares das preguntas formuladas durante o encontro, Eduardo Tamarit non deu resposta a ningunha delas, polo que, para a secretaria xeral do SLG, “o único obxectivo da xuntanza foi escenificar unha preocupación polo sector lácteo que, polo de agora, non se articulou en ningunha medida concreta”

Denuncia das explotacións a Lácteos Tambre por impago

Ducias de gandeiros e gandeiras non cobraron o leite vendido durante o primeiro trimestre do ano

Gandeiros e gandeiras das comarcas de Fisterra e Ordes, xunto á secretaria xeral do SLG, Carme Freire, ofreceron, o 27 de abril, unha rolda de prensa para denunciar os impagos da empresa Lácteos

Tambre correspondentes ao leite do primeiro trimestre de 2011. Estas débedas van dos 3.000 euros que se lles debe a moitas, até algún caso que acumula facturas sen pagar que pasan dos 30.000

Aínda que os gandeiros e gandeiras denunciante son de Muxía e Tordoia, poderían estar afectadas explotacións de toda Galiza, xa que Lácteos Tambre recolle leite en comarcas como Fisterra, Xallas, A Barcala, Compostela, Deza ou Tabeirós-Terra de Montes.

A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, denunciou a actitude da empresa ao "xogar co medio de vida" das explotacións; e anunciou o inicio de accións xudiciais para reclamar "o diñeiro que legalmente é delas". Neste senso, Freire lembrou que Lácteos Tambre "incumpra a Lei de Morosidade, que obriga a pagar no prazo máximo dun mes os produtos frescos coma o leite".

A secretaria xeral do SLG tamén denunciou a actitude da Consellaría de Medio Rural neste conflito, á que acusou de "estar totalmente desaparecida" e de inhibirse completamente dos problemas da xente.



Os gandeiros e as gandeiras denunciante agardan que outras explotacións afectadas se animen a facer pública a súa situación

"Non viñemos pedir esmola"

Tamén falan os gandeiros e gandeiras afectados polas débedas, como Benito Pose e María Valdívieso, de Muxía; ou Feli Mato, Celina Juncal e Xosé Manuel Liste, de Tordoia: "Seguimos a ter os mesmos gastos", declararon, "pois temos que seguir mantendo as vacas, seguir pagando a electricidade, o gasóleo, os seguros... Hoxe

vívase ao día, e levamos tres meses sen cobrar. ¿Que facemos? ¿Pedimos un crédito para poder comer?".

Así e todo, están dispostos e dispostos a reclamar o que é seu polos medios que a lei lles dá: "Que saiban que non estamos aquí para pedir esmola, nin vimos aquí a axeonllarnos. Vimos aquí a pedir o que é noso, o que gañamos co noso traballo".

Éxito do curso de elaboración de queixos do SLG

Do 7 ao 11 de febreiro, no local social de Penateixa (Oroso), 25 persoas participaron nun curso de elaboración de queixo e derivados lácteos organizado polo SLG.

Tivemos a sorte de contar con José Luís Martín Martín como profesor, persoa con longa traxectoria, coñecementos e experiencia no mundo do queixo.

Foi un curso moi intenso, no que se elaboraron diversos tipos de queixo, iogur,



No curso de elaboración de queixos, celebrado en Penateixa (Oroso), tamén se elaboraron distintos tipos de iogur, callada e requeixo

callada e requeixo. Tamén houbo unha cata de queixos e unha visita á Queixería

Conde, de Ordes. O alumnado valorou o curso dun xeito positivo.

Indemnizacións de miseria para o sacrificio obrigatorio de gando

O 14 de abril, publicaban no BOE o real decreto que fixa as indemnizacións para compensar as perdas por sacrificio obrigatorio de animais no marco das campañas de erradicación de enfermidades como a tuberculose, a brucelose, a lingua azul e as encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EET).

As indemnizacións fixadas son de miseria. Vexamos uns exemplos:

■ **Vaca de leite** entre dous e catro anos: 700 €.

■ **Rubia Galega** de seis anos, no mellor da súa vida produtiva e con moitos anos aínda por diante: 240 €.

■ **Cabras e ovellas:** 70 €.

Estas indemnizacións son algo superiores no caso de baleiros sanitarios e en explotacións que están integradas en asociacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG) pero, aínda así, seguen a ser unhas contías irrisorias.

Dito noutros termos: hai casos nos que a indemnización non chegará nin a cubrir a décima parte do valor do animal.

■ Postura do SLG: Animal morto, animal posto

Para o SLG, os sacrificios obrigatorios deben indemnizar o 100 % do valor real, baixo o principio de "animal morto, animal posto", xa que a xente afectada non ten por que pagar epidemias das que son vítimas; abondo fan con manter a explotación coa caída produtiva por eliminar animais.

Ademais, moitas epidemias son causa directa de políticas erráticas, como as EET, por permitir especular coas fariñas animais; ou a lingua azul, cunha vacina obrigatoria que matou moitos máis animais que a propia enfermidade.

O Congreso da Pataca pide máis control sobre as importacións e a semente

Manola Cerredelo repetirá como responsábel do sector e Xoán Xosé Penín será o vicerresponsábel

A comarca da Limia volveu acoller, un ano máis, o Congreso da Pataca do Sindicato Labrego Galego. Tralo debate do relatorio, a afiliación volveu escoller, de novo, a Manola

Cerredelo como responsábel do sector, xunto a Xoán Xosé Penín, que será o vicerresponsábel. Xunto a eles, Luísa Mayo e Camilo Maus completarán a Dirección da Pataca do SLG.

En canto ás emendas que enriqueceron o relatorio (páxinas 12 e 13 do Fouce 285), boa parte delas foron demandas dirixidas á Administración para solucionar problemas do sector.

Unha das emendas tiña que ver coa “regulación das marxes comerciais, partindo de prezos para os produtores e produtoras que cubran os custes de produción e traballo.” Tamén se esixiron controis fitopatolóxicos da pataca de sementeira, polos problemas sanitarios que está a provocar.

Dirixida ao Estado Español e á Comisión Europea, unha emenda reclamou o remate dos acordos bilaterais para a importación de pataca de terceiros países para satisfacer os intereses da gran industria e da distribución, pois “contribúen a afondar na miseria destes países e, ao mesmo tempo, arruínan aos

produtores e produtoras da Unión Europea pola caída dos prezos.”

Finalmente, houbo unha emenda que criticou as trabas que se lles está a impoñer ás explotacións de pataca a través das normativas medioambientais, polo que se pediu “seguir producindo pataca de igual xeito que se veu facendo ate o de agora, sen que teña que pechar ningunha soa explotación por estas normativas. Somos conscientes, dende o propio sector produtor, que somos os primeiros e as primeiras con maior interese en manter o entorno, xa que é o noso medio fundamental de vida.”



A casa de cultura de Xinzo volveu acoller o Congreso da Pataca

Manola Cerredelo, responsábel do sector da pataca no SLG

A responsábel do sector da pataca do SLG, Manola Cerredelo, fixo un balance positivo do congreso a pesares de que “a participación non foi moi alta”. Para Manola “á xente que participamos quedáronnos as cousas máis claras, pois debatemos sobre os problemas do sector, e tamén serviu para que nos sentíssemos máis implicados”.

Respecto ás cuestións tratadas no congreso, Manola coincidiu coa postura común de reclamar máis controis para a pataca certificada, pois “a que nos venden é moi mala e moi cara”. Tamén criticou a falla de garantías duns contratos que, na campaña do ano



pasado, “tiveron un prezo moi baixo e, por riba, deixaron moitas partidas contratadas sen recoller”; e recordou a necesidade de que se regulen os mercados para poder ter prezos dignos e estables, pois se ben este ano o valor da pataca está sendo bo, só se debe a que “as colleitas nos países que exportan pataca á nosa terra foron malas”.

Xoán Xosé Penín, vicerresponsábel do sector da pataca no SLG

Para Xoán Xosé Penín, produtor de Lamas (Xinzo) “o congreso foi interesante de cara a analizar e debater os problemas do sector da pataca”, como o dos contratos. Penín lembrou a problemática do ano pasado, na que “moitos almacenistas –non todos– tiñan contrato con agricultores e, como o prezo de mercado foi inferior ao pactado, impuxeron uns descontos de escándalo, entre o 25 e o 30%. Os descontos son habituais todos os anos, e varían entre un 4 e un 8%, algo que consideramos normal. Pero pasar de aí, a que che descuenten un 30% da produción, non se debería permitir”.



Outra cousa que ten clara Penín é que “debemos competir apostando pola calidade, e promovendo a sona da nosa pataca; aí temos vantaxe contra competidores coma Francia, pois a pataca francesa é bonita no seu aspecto externo, pero en sabor gáñalle por moito a galega. Por iso, a nosa aposta debe ser pola calidade, e non pola cantidade”.

O congreso de horta, froita e flor pon á soberanía alimentaria como factor clave

Miguel Méndez foi elixido responsábel do sector, mentres que Belén Fervenza será a vicerresponsábel

O entorno privilexiado do mosteiro franciscano de Herbón (Padrón) foi o escenario do Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG. Celebrouse o 3 de abril e estreou un novo xeito de

desenvolverse cun debate en grupos. A nova fórmula foi un éxito, pois saíron a debate 26 emendas, das cales 24 prosperaron e foron incluídas no relatorio final. En canto á xente que coor-

dinarán a nova Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG, foi elixido Miguel Méndez (Merín, Vedra) como responsábel, e Belén Fervenza (Reboreda, Redondela).

As emendas aprobadas tocaron un bo número de cuestións. Entre as que se incluíron no relatorio, figuran democratizar as cooperativas; promover hortalizas e froitas galegas en centros escolares e hospitais; eliminar os rappels (comisións que cobran as distribuidoras a labregos e labregas); recuperar técnicas de traballo tradicional; fomentar prácticas que reduzan a dependencia do petróleo; subvencionar a compra de maquinaria agrícola de segunda man; asesoramento público en loita biolóxica; nos plans de mellora e incorporación, substituír o contrato ante notario por un público para reducir gastos e abaratar as licencias de obra; dignificar os espazos de venda directa; promover os produtos locais e de tempada; orientar o Banco de Terras á produción alimentaria; prohibir a forestación de terras agrarias; ou adaptar as normas sanitarias ao produto caseiro.

O relatorio tamén reivindicou a soberanía alimentaria “fronte á invasión de produtos de fóra”; e a creación dunha mesa de prezos para os produtos de horta e flor “que fixe uns mínimos por debaixo dos cales haxa que intervir no mercado”, amais dun apoio directo a quen vendan por baixo deses mínimos de referencia.

Tamén se propuxo modificar o Contrato de Explotación Sustentable (CES) adaptándoo á realidade da horta galega, no que se inclúa unha axuda directa, ligada á produción, cun máximo por activo de 6.000 euros.



Miguel Méndez,
responsábel do
sector de Horta,
Froita e Flor do SLG



O novo responsábel de Horta, Froita e Flor do SLG, Miguel Méndez, rexenta unha explotación de horta ecolóxica en Merín (Vedra). Miguel valorou o punto de acordo ao que se chegou no congreso a pesares “da gran diversidade, con xentes de convencional, de ecolóxico, de venda directa, de venda a distribuidoras, etcétera” e destacou “a implicación de toda a xente en canto á elaboración do texto final”. Respecto dese texto, cualificouno como “moi importante de cara a organizarnos” e augurou que “se facemos este traballo, o sector da horta estará máis fortalecido dentro de catro anos”.

Miguel tamén destacou o traballo desenvolvido nos últimos tempos no sector da horta do SLG que, se cadra, foi pouco visible por estar fragmentado “en grupos por mor da diversidade do sector”; e recordou algúns como o de venda directa, o de produción ecolóxica ou o da rede de sementes.



Belén Fervenza,
vicerresponsábel do
sector de Horta,
Froita e Flor do SLG

A explotación de horta de Belén atópase na súa parroquia materna de Reboreda (Redondela), á que regresou hai cinco anos co seu compañeiro para vivir da terra, “unha opción laboral tan digna como calquera”.

Para Belén, este foi o primeiro Congreso de Horta ao que asistía, e sacou unha conclusión “moi positiva” do mesmo, xa que “analizamos o sector, serviunos de encontro e serviulle ao SLG para evolucionar en base ás nosas posturas e posicionamentos”.

Tamén destacou “o feito de dividirmos en grupos para analizar o relatorio, pois deu pé a que xurdisen moitas cuestións e favoreceu para que a xente participante se sentise a gusto á hora de explicar a súa situación”.

Polo demais, a súa elección como vicerresponsábel colleuna “por sorpresa”, mais dixo aceptar o reto “con responsabilidade e con ganas de crear un grupo de traballo que responda ás necesidades da afiliación”.



Dúas singularidades que caracterizaron ao Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG, con respecto a outros, foi a organización dos debates en grupos (arriba) e o enclave elixido, o mosteiro franciscano de Herbón que, por primeira vez, servía de espazo físico a unha actividade do Sindicato Labrego Galego (esquerda).

Curso de viticultura ecolóxica en Sabadelle

Entre o 21 de febreiro e o 9 de marzo, o Sindicato Labrego Galego desenvolveu un curso de vitivinicultura ecolóxica en Sabadelle (na Ribeira Sacra, no concello de Chantada), que contou coa colaboración da Asociación de Veciños de Sabadelle.

O curso tocou temas como a elaboración e cata de viños,

os manexos do solo, control e tratamentos alternativos para pragas e enfermidades, poda e enxertos, etcétera.

No curso participaron 23 persoas, entre inscritas e oíntes, o meirande delas elaboradoras de viño para consumo propio e produtoras de uva para adegas da zona.



A parte práctica do curso foi importante, como esta clase a pé de socalco



Dúas instantáneas da viaxe formativa á rexión vitivinícola portuguesa do Douro: arriba, visita a unha das adegas; abaixo, foto de familia dos e das participantes na experiencia

Viaxe formativa á rexión dos viños do Douro

Máis ao sur, o Sindicato Labrego do Baixo Miño organizou unha charla, o 11 de marzo, baixo o título "A importancia das antigas variedades de vide en Galicia. Os intereses da vella viticultura europea fronte aos do novo mundo vitícola". Para facela, contouse coa participación de María del Carmen Martínez, investigadora do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Viticultura.

Na conferencia, falou-se da importancia das variedades de uva locais, ligadas a unha cultura e a un territorio; fronte ao novo modelo de

viticultura globalizada na que grandes empresas multinacionais invisten en zonas sen tradición vitícola e se apropian de castes tradicionais de uva de calquera parte do mundo.

A maiores, o SLG do Baixo Miño organizou un curso de poda e enxerto dacabalo a finais de febreiro; e unha viaxe a Portugal, o 12 de marzo, para coñecer de preto a rexión dos viños do Douro. Na rota formativa visitáronse plantacións de viñedo e adegas (as quintas Seara d'Ordens, São Domingos e O Seixo; amais de participar en catas comentadas.

Proposta de decreto sobre as guías de transporte e os libros-rexistro das adegas

O novo decreto non impide a entrada irregular de uvas foráneas

O Consello Agrario Galego debateu, o 19 de abril, a proposta de decreto polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, entre outras

medidas para o sector. Grazas ao Sindicato Labrego, representado pola súa secretaria xeral, Carme Freire, estiveron defendidos os intereses das pequenas adegas de colleiteiros e colleiteiras.



Carme Freire, primeira pola dereita, representou ao Sindicato Labrego no Consello Agrario Galego

Este decreto está de costas á realidade galega e á constatación da existencia dunha figura, a de colleiteiro e colleiteira, que reconece a Xunta ao tramitar a legalización das adegas. A pesares deste recoñecemento, e de saber que as pequenas explotacións familiares vinifican a súa propia uva e teñen un control total sobre a súa procedencia, o decreto segue teimando en impoñer unhas normas e unha carga burocrática excesivas.

Por exemplo, en relación aos documentos de acompañamento para o transporte de uvas, viños e mostos, este decreto segue permitindo unha práctica habitual e irregular, que é a entrada de "uvas do camión" procedentes de zonas con custes mais baixos (A Mancha, Estremadura, Castela León, Portugal ...).

Aumento de burocracia sen garantías de trazabilidade

O novo decreto:

■ **Non garante a trazabilidade do produto nin a procedencia concreta**, xa que cando se transportan uvas ou viño, non é preciso identificar ao viticultor ou viticultora, nin a parcela de onde proceden. Tampouco se obriga a separar produtos de procedencias diferentes (caso habitual no relativo as "uvas do camión": un transportista compra a varios produtores e produtoras até encher o camión de uva, solicita autorización e visado de documentos de acompañamento, e logo vende a varias persoas que se achegan a mercar. En caso de problema sanitario, non se sabe quen é responsable, nin o motivo).

■ **Permite que o expedidor do documento poida ser produtor, industria, comercial ou transportista, podendo dar o caso de que o expedidor e o transportista sexan a mesma persoa.** Ao entender do SLG, o expedidor deberá ser quen vende e destinatario quen compra.

■ **Non contempla ningún mecanismo para comprobar que cunha guía se podan estar dando varias viaxes nunha mesma campaña**, xa que se pon data de inicio de transporte pero non se pon data prevista de entrega.

■ **Non obriga a que o documento de acompañamento vaia acompañado do albarán de venda de produto.**

O SLG propón reducir a tres os oito libros de rexistro obrigatorios

Este decreto tamén supón un aumento de burocratización na xestión das adegas. No relacionado cos rexistros que teñen que levar as adegas elaboradoras e embotelladoras, o regulamento comunitario 436 / 2009 indica que se deben levar os rexistros, pero non di como se ten que facer.

Por iso, o Sindicato Labrego propuxo que os 8 libros de rexistro que obriga a levar o decreto [entradas e saídas (1); embotellados (2); procesos de elaboración (3); prácticas enolóxicas (4); elaboración de viños espumosos (5); elaboración de viños de licor (6); embotellado de espumosos gasificados (7); embotellado de agulla gasificados, aromatizados e alcoholizados (8)] se reduzan a 3 libros: Libro de rexistro de entradas e saídas, libro de embotellados, e libro de procesos de elaboración e prácticas enolóxicas.

■ Normas que favorecen especulación e fraude

Os labregos e labregas somos os primeiro interesados en que se cumpra a trazabilidade do produto, e que quede clara a procedencia.

Mentres os produtores e as produtoras temos que cumprir unha burocracia excesiva para garantir a trazabilidade, procedencia e calidade das nosas producións; a Xunta facilita a comerciantes e especuladores a liberdade para deslocalizar e desvincular o produto do territorio e do viticultor ou viticultora, aínda a risco a saúde de quen consume.

O SLG reclama a participación das organizacións do Consello Forestal na nova Lei de Montes

O monte en Galiza, e no conxunto do Estado Español, non lle interesou nunca ás Administracións máis que para explotar a produción madeireira, restrinxir os usos tradicionais e especular cos terreos. A xestión sostible, a ordenación e a regulación de usos e aproveitamentos foron, en todo caso, unha consecuencia do anterior.

Houbo varios intentos de contar cunha lei propia de montes na Galiza que nunca chegaron a consolidarse, ben por rexeitamento do sector, ben por pasividade política.

O último destes proxectos foi o levado a cabo pola Consellería do Medio Rural do bipartito, que elaborou un texto no que as entidades do sector forestal traballaron arreo no seo do Consello Forestal de Galicia, mediante numerosas achegas que contribuíron a mellorar o documento inicial e que rematou cun respaldo maioritario, case que unánime, deste órgano consultivo.

Tralo recente rexeitamento dese proxecto de lei no Parlamento de Galicia, hoxe atopámonos de novo partin-

do dende cero para un novo texto de Lei de Montes de Galicia. Segundo as últimas declaracións do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, a Dirección Xeral de Montes xa conta cun novo texto que será remitido ao Consello Forestal de Galicia neste mes de maio. Agardamos e instamos a que, desta vez, e non como sucedeu en anteriores ocasións, se habilite un prazo suficientemente amplo para traballar no borrador, sen intentar deixar resolto o trámite nunha soa xuntanza do Consello.

Aspectos sociais e ambientais en segundo plano

Ao SLG chegaron, de xeito extraoficial, dous borradores da nova Lei de Montes, co cal só podemos facer unha primeira valoración aproximada, na espera de recibir o borrador definitivo e poder analízalo.

Estes documentos volven ter unha visión do monte como fonte de produción madeireira para as multinacionais, deixando nun segundo plano os aspectos ambientais e sociais; posibilita a forestación de terreos agrícolas, relegando o resto de aproveitamentos no monte; habilita os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da agromasa como cultivos do monte; e apela á entrada do capital privado empresarial como fonte principal de financiamento da xestión destes espazos.

No marco da propiedade, abre a porta á especulación mercantil de terreos de monte co réxime de expropiacións e compra de novos terreos para anexionalos aos montes, financia concentracións parcelarias en terreos que xa contan cunha xestión conxunta, e non deixa claro o futuro dos montes de man común ao pospoñer o seu regulamento a unha nova lei de montes veciñais.

Por tanto, queda moito que traballar sobre o texto deste novo proxecto da Lei de Montes de Galicia e, dende o SLG, solicitamos que se nos permita exercer este dereito de participación democrática, ás organizacións e entidades directamente implicadas no monte e presentes no Consello Forestal de Galicia.

Cinco parroquias da Estrada asinan para salvagardar os seus dereitos das empresas eólicas

O pasado 15 de abril, a veciñanza das parroquias de Olives, Pardemarín, Agar, Curantes e Orazo, (A Estrada, Pontevedra) deron un paso máis de cara a impedir que o proxecto do parque eólico do Couto de San Sebastián tripe os seus dereitos e intereses.

Ese día, presentouse unha comitiva, na que se atopaba o responsábel do SLG na bisbarra, Marcos Louzao, para presentar 222 sinaturas de veciños e veciñas na oficina agraria comarcal da Estrada.

A veciñanza destas parroquias pide que se defendan os intereses das explotacións agrogandeiras e forestais nos terreos onde se pretenden instalar os aeroxeneradores (entre 20 e 50 para acadar unha potencia de case 80 megavattios).

Unha das consecuencias máis negativas da instalación do parque eólico é que varias plantacións forestais afectadas, que recibiron axudas da Unión Europea, terían que devolver as subvencións recibidas con xuros en caso de que a implantación dos muíños lles obrigue a cortar as árbores.

Dende fai xa anos, están a ofrecernos seguros privados como solución a todos os nosos problemas: seguros de vida, de xubilación, de asistencia sanitaria, de paro, de sanidade do gando, de recollida de animais mortos, de vendavais, de pedrazo, de incendios forestais, etcétera. Unha morea de oportunidades para estar protexidas contra todo!!! Sempre que paguemos por todo!!!

Así é como se vai baleirando de responsabilidade coa sociedade aos estados; e así é como, paralelamente, se ali-

Estratexias para a privatización: os seguros privados

mentan os grandes imperios financeiros, coas aseguradoras como unha das ramas máis floreccentes.

A estratexia de ofrecernos, primeiro, unha axuda para que entremos "polo aro das bondades" da contratación para que, nos seguintes anos, diminuír a axuda pública e

asumir nós, as persoas, os custes que nos queiran impoñer neses contratos, é habitual e ben coñecida no agro.

A estratexia de obrigarnos a contratar seguros por parte dos bancos ou da propia administración ao servizo dos negocios tamén nos é ben coñecida.

No Sindicato Labrego Galego, sempre defendemos que a atención á sociedade e, polo tanto, os servizos, teñen que ser públicos e, por conseguinte, responsabilidade dos estados, que se nutren do diñeiro e do esforzo dos seus cidadáns e das súas cidadás, a través dos impostos.

Mais, a estratexia, que día a día vai calando na sociedade a conta das nosas necesidades, é ben clara: primeiro baléiranse de responsabilidade os gobernos e, inmediatamente despois, se pasa a vida das persoas ao negocio das aseguradoras.

Agroseguro

e o seguro forestal



Agroseguro (Agrupación Española de Seguros Agrarios Combinados S.A.), constituíuse nos anos 80, como unha forma de dar resposta aos danos económicos e sociais que ocasionaban fenómenos da natureza tales como xeadas, secas, inundacións, incendios, etcétera.

Baixo a fórmula do coaseguro, Agroseguro ten como obxectivo administrar, en representación das entidades accionistas, a xestión dos seguros agrarios combinados. Encárgase de procesar as pólizas de seguros e de xestionar o cobro das primas. Recibe as declaracións de sinistros, realiza os trámites de peritaxe, valoración e pago dos mesmos, así como da xestión e distribución das subvencións que conceden as administracións públicas, como o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas. Este sistema permite aos asegurados e ás aseguradas contar cun amplo abano de entidades

privadas coas que pode contratar o seguro. Na actualidade, 27 máis o Consorcio de Compensación de Seguros:

MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS
SEGUROS GENERALES RURAL DE SEGUROS
AGROMUTUA MAVDA, SDAD. MUTUA DE SEG. A PRIMA FIJA
CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, S. A. (CASER)
MUTRAL, MUTUA RURAL DE SEGUROS
GROUPAMA, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
ALLIANZ, COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.
UNION DEL DUERO, CIA. DE SEGUROS GENERALES, S. A.
MUTUALIDAD ARROCERA DE SEGUROS
CEP DE SEGUROS GENERALES, S. A.
BBVA SEGUROS
HELVETIA PREVISIÓN, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
AXA SEGUROS GENERALES, S. A.
ASEFA, S. A.
GENERALI SEGUROS
SEGUROS CATALANA OCCIDENTE, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
FIATC MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS
MUTUA GENERAL DE SEGUROS
CAHISPA, S. A. DE SEGUROS GENERALES
GES, SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.
METROPOLIS S.A. CIA. NACIONAL DE SEGUROS
MUSSAP, MUTUALIDAD DE SEGUROS
MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO
OCAÑO, S. A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
REALE SEGUROS GENERALES S.A.
SANTA LUCIA, S. A. COMPAÑIA DE SEGUROS
SANTANDER, SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.
CONSORCIO DE COMPENSACION DE SEGUROS

En trinta anos de actividade aseguradora baixo a mesma fórmula, aseguráronse máis de 138 millóns de hectáreas e mil millóns de animais, contratáronse máis de dez millóns de pólizas, polas que se pagou en concepto de indemnización máis de 5.900 millóns de euros. Todo isto presenta a Agroseguro como unha empresa eficaz, solvente e innovadora que permite que profesionais de sectores como o agrícola, o gandeiro, o mariño e, por suposto, o forestal, estean tranquilos, e demostra a conveniencia de contar cunha ferramenta como o seguro agrario.

CARACTERÍSTICAS DO SEGURO DE INCENDIOS FORESTAIS

PRODUCCIÓNS ASEGURÁBEIS:

Todas as producións forestais: frondosas e coníferas, masas arbustivas. Producións de cortiza en sobreirais.

COBERTURAS:

Como consecuencia dos riscos de incendio, vento borrascoso e inundación, cóbrense:

- Gastos necesarios para a repoboación e rexeneración da masa forestal, incluídos os custes da saca (segundo condicións de seguro).
- Danos causados na cortiza de reprodución.

SEGURO SUBVENCIONADO:

O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño concede até o 44% do custe neto do seguro, ao que hai que sumar o que poidan outorgar as comunidades autónomas.

Pódese contratar até o 31 de maio de 2011.

O seguro forestal

Nos últimos anos, o seguro agrario combinado foi ampliando o número de producións ás que dá cobertura.

A través do Seguro de Incendios Forestais, dende 2004, poden asegurarse as masas forestais en solos agrícolas. Na actualidade, este seguro, cuxo período de contratación remata o 31 de maio, permite asegurar todas as producións forestais: frondosas e coníferas (masa pura e mestura), así como as masas arbustivas e as pro-

ducións de cortiza nos sobreirais.

Se ben as causas inmediatas que dan lugar aos lumes forestais poden ser moi variadas, en todas elas danse os mesmos supostos, isto é, a existencia de grandes masas de vexetación en concorrencia con períodos máis ou menos prolongados de seca ou ausencia de precipitacións.

Os danos que provocan estes riscos na masa forestal non só radican na perda da madeira, senón tamén nos gastos derivados da rexene-

ración e repoboación da produción afectada.

Cun capital asegurado do 100% e a un custe moi asequíbel, o Seguro de Incendios Forestais cubre estes gastos consecuencia dos danos ocasionados por incendio, inundación e vento borrascoso, así como os custes da saca (segundo condicións de seguro), durante un período de garantía de 12 meses.

Ao igual que o resto de producións asegurábeis, a forestal tamén conta co apoio económico do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural

e Mariño, que concede unha subvención do 44% ao custe neto do seguro. Esta subvención pode incrementarse significativamente se consideramos as achegas que realizan as comunidades autónomas ao pagamento da prima.

O custe medio a nivel nacional a cargo do tomador do seguro correspondente á contratación recibida no exercicio 2010 é de 4,76 por hectárea.

A Lei de Titularidade Compartida cumpre unha demanda histórica das labregas

A pesares de defendela, a Secretaría das Mulleres presentou alegacións para que sexa máis efectiva

O 22 de marzo, a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba, viaxaba a Madrid para coñecer, no Ministerio de Medio Rural, o borrador da Lei de Titularidade Compartida. Aínda que o texto presentado é “un salto cualitativo moi importante”, presentáronse alegacións para que a lei sexa efectiva.

Se o borrador presentado o 22 de marzo prospera e se converte en lei, quedará recoñecida a figura da titularidade compartida, que recoñece á muller e ao seu cónxuxe o 50% dos dereitos da explotación, o 50% dos ingresos que se xeren e igual capacidade para xestionar e representar esa explotación.

Para Isabel Vilalba trátase “dun salto cualitativo moi importante, froito da constancia que organizacións, como a Secretaría das Mulle-

res do Sindicato Labrego Galego, mantivemos á hora de denunciar, durante décadas, a situación de flagrante desigualdade que estaban a sufrir milleiros de mulleres labregas en todo o Estado, mulleres que traballan e comparten responsabilidades xunto aos seus cónxuxes, pero que carecen dos dereitos máis básicos na súa profesión ao non poder figurar como titulares da explotación na que traballan”.

En contra de que as labregas lle teñan que pedir permiso ao cónxuxe para ser titulares

A pesares de defender a Lei de Titularidade Compartida, as mulleres do SLG entenderon que é necesario modificala, antes de que se aprobe, para que sexa efectiva de verdade. Neste senso, Isabel Vilalba entregou, o 14 de abril, na Delegación do Goberno na Coruña, un documento con alegacións ao anteproxecto de lei.

1º) Sen permiso do cónxuxe.

A primeira das alegacións pedía que ás labregas se lles recoñezan os seus dereitos como titulares sen necesidade de ter o permiso do seu cónxuxe, tal e como contempla agora mesmo o borrador

da lei; pois, segundo reza a alegación, “prever a inscrición só cando as mulleres teñan o permiso dos homes significa deixar fóra a aquelas mulleres que estean en situacións de máis desigualdade e vulnerabilidade”.

Para isto, debería bastar con que as mulleres demostraren “que estiveron traballando de xeito directo e persoal, cotizando á Seguridade Social e cumprindo os requisitos que prevé a lei”.

2º) Rexistro.

Outra das alegacións da Secretaría das Mulleres piden que se habilite un rexistro e que se dea un prazo



Arriba, Isabel Vilalba na presentación do anteproxecto de Lei de Titularidade Compartida (Ministerio de Medio Rural, Madrid, 22 de marzo; é a segunda pola esquerda); e, abaixo, diante da sede da Delegación do Goberno na Coruña, o 14 de abril, na entrega de alegacións

para facelo en todas as comunidades autónomas que non o teñan. Tamén se pediu que se recuperen os expedientes das mulleres que, no pasado, solicitaron a inscrición pois, en caso contrario, pode ocorrer que as que fixeron todo o que lles esixiu a Administración para rexistrarse pensen que están inscritas cando, en realidade, non o están.

3º) Seguridade Social asequíbel.

Un dos apartados do borrador titúlase “Medidas en materia de Seguridade Social”; pero no texto non aparece ningunha medida neste senso. Por iso, a Secretaría das Mulleres pediu que o recoñecemento dos dereitos das labregas se amplíe cunha Seguridade Social asequíbel.

TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA MULLERES



016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Contra a violencia machista da reforma das pensións e pola co-titularidade

A parroquia de Couso (Sarreaus) acolleu o VIII Encontro de Mulleres do SLG do 25 ao 27 de marzo

As mulleres do Sindicato Labrego Galego elixiron Ourense para celebrar o seu VIII Encontro anual entre o 25 e o 27 de marzo. A casualidade fixo que xusto na data de comezo chegase ao

Consello de Ministros o anteproxecto da Lei de Titularidade Compartida nas Explotacións, un texto que a Secretaría das Mulleres decidiu defender por ser “un salto cualitativo” na loita contra a

discriminación das labregas. A reforma das pensións foi outro dos eixes ao redor do que virou o encontro e tivo o seu punto culminante nunha manifestación na Cidade das Burgas.

Boa parte do VIII Encontro de Mulleres do SLG tivo como marco a aldea de Couso, en Sarreaus, onde se desenvolveron os diversos obradoiros e debates.

O entorno rural só se deixou para desembarcar na cidade de Ourense o sábado, 26 de marzo, para levar a cabo unha manifestación en protesta contra a reforma das pensións e o impacto que esta terá nas labregas.

Esta mobilización convocou a máis de duascenas mulleres, que fixeron un percorrido dende a Alameda até o Parque San Lázaro, fronte a subdelegación do Goberno, portando unha pancarta cos lemas “Non máis invisibilidade”, “Por unha Seguridade Social asequíbel” ou “Pensións dignas para todas”, e berrando consignas como “Labregas somos, labregas seremos, pola igualdade sempre loitaremos”.



A aldea rehabilitada de Couso foi o lugar elixido polas mulleres do SLG para celebrar o seu oitavo encontro

Só o 5'5% das labregas dá cotizado 35 anos para ter o 100% da xubilación

A encargada de dirixirse ás manifestantes foi a responsable da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, quen denunciou que a reforma das pensións “provocou unha discriminación sen precedentes dos colectivos máis vulnerables, como o das mulleres que viven da agricultura”. Isto é así por varios motivos:

1º Recortáronse os complementos mínimos que se destinan a completar as pensións máis baixas.

2º Aumentou a idade de xubilación aos 67 nunha profesión, como a labrega, que deixa importantes secuelas físicas ao final da vida laboral.

3º Ampliouse o tempo de cotización para poder cobrar íntegra a pensión á que se ten dereito a 37 anos.

Respecto disto último, as estatísticas din que só un 5'5% de mulleres labregas chega a cotizar 35 anos, o que significa que o 94'5% das mulleres labregas restantes non terá dereito a cobrar integramente a súa xubilación. Pola contra, entre os homes teñen cotizado máis de 35 anos cando se xubilan o 79'86%.



A marcha de protesta de Ourense rematou cunha concentración diante da sede da subdelegación do Goberno

4º Por se non abundase, a partir do 2022, o cómputo para fixar a pensión de xubilación sairá da media dos últimos 25 anos cotizados (agora a media sácase dos últimos quince anos) o cal

provocará que as pensións diminúan aínda máis.

En resumo: a reforma das pensións implica que as mulleres labregas van ter que cotizar máis para ter peores pensións.

Organizadas en grupos, as participantes traballaron ao redor de diversas cuestións de actualidade

A Lei de Augas, as axudas á dependencia e o encarecemento da vida a debate

Organizadas en oito grupos, as mulleres que participaron no encontro de Sarreaus levaron a cabo debates sobre diversos temas de actualidade como a Lei de Augas, o encarecemento da vida por mor da privatización de servizos públicos, a atención a persoas dependentes ou a reforma das pensións. Fouce rescatou algunha das frases xurdidas á hora de expoñer as conclusións ás que chegaron, e que reflicten a riqueza dos faladoiros que propiciou este encontro. A maiores, reelixiuse a Isabel Vilalba como responsábel da Secretaría das Mulleres.



Ma Carme Veiga Vázquez
“Temos que pagar por un asesoramento que antes era gratuíto en Extensión Agraria, polos crotais; encarecéronse o gasóleo, a Seguridade Social o control da calidade do leite, a auga, a luz e o penso. Menos mal que temos ao SLG, que nos aforra moitos cartos”.



Natividade Vázquez Eiroa
“A nosa auga é boa. De feito, bebémola e non nos fai dano. Sospeitamos que hai intereses económicos tralas análises para convencernos que a nosa auga é mala, para convencernos de que debemos mercar auga embotellada”.

Isabel Vilalba foi reelixida responsábel da Secretaría das Mulleres

O VIII Encontro de Mulleres tamén serviu para tomar decisións e facer análises da situación na que viven as mulleres labregas. De seguido, algunhas claves:

■ Unha das decisións acordadas no encontro de Sarreaus foi a de ratificar nas súas responsabilidades á fronte da Secretaría das Mulleres a Isabel Vilalba Seivane.

■ Diante do proceso de redacción definitiva do anteproxecto de Lei de Titularidade Compartida, as mulleres do SLG declararon que se non vai para adiante o texto feito público, haberá mobilizacións.

■ Os orzamentos do Estado para 2011 demostran o pouco interese que hai en fomentar a igualdade: as pensións -de 940 euros de media para os homes e de 577 para as mulleres-, conxélanse; baixan un 5'26% os cartos para apoiar a persoas dependentes; e redúcese o emprego público en 61.000 postos, o cal suporá a eliminación de servizos públicos dos que se beneficiaban as mulleres.

“As axudas á dependencia son machistas, pois enfócanse ao papel de coidadoras das mulleres, e os cartos, moitas veces, non serven para nada. Por iso, demandamos un servizo a domicilio, infraestruturas, máis centros de día e mesmo axuda psicolóxica”.



Celsa González Ogando
“Cómpre concienciar, aos homes para que asuman responsabilidades no coidado da infancia e de maiores, para que a muller non se sinta culpable por riba de arrastrar ela soa esa carga. É máis importante ter un respiro que os propios cartos”.



Ma Ánxeles Tourón Río



Ánxeles Pérez Pato
“Cóbrannos taxas por todo: cebadeiros, crotais, seguros de animais mortos, seguro de responsabilidade civil, CES, etcétera. A isto hai que engadir a perda de rendibilidade porque, amais de pagar máis, percibimos menos prezo polos nosos produtos”.



Ma Xosé Golpe Acuña
“Quen cobra é a persoa dependente, polo que ás veces, a muller non cobra. É un problema mesturar cariño con cartos. Por iso, era mellor ter unha persoa de fóra para paliar a carga dos coidados; coidas por cariño, pero ás veces necesitas estar desafogada”.

“É unha tranquilidade ter eses ingresos, que nos permiten a moitas seguir cotizando. Mais temos que criticar que o proceso para conseguir as axudas sexa tan lento e que requera tantísima burocracia. A axuda debería ser proporcional ás rendas e das beneficiadas.



Olalha López Barro

“A nosa auga, a dos pozos e a das fontes, esa si que é boa. A das traídas municipais coincidimos en que non é tan boa, moitas veces vén clorada e mesmo sucias. E como mensaxe final pedimos que non privaticen a nosa auga”.



Mónica Amado Branco

Remate de tellados e fachadas, e rehabilitación en vivendas no ámbito rural, conxuntos históricos e dos camiños de Santiago

Axudas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, conxuntos históricos e dos camiños de Santiago. Aínda non se abriu o prazo de solicitude de

axudas, pero pode irse facendo a tramitación da cualificación de actuacións protexidas, para poder acceder ás axudas que se convoquen no seu momento. Información máis detallada nos locais do SLG.

Amplíase o prazo de solicitude de axudas da PAC até o 13 de maio de 2011

Incentivos para darse de alta na Seguridade Social

Fara promover a afiliación á Seguridade Social de cotitulares ou titulares de explotacións agrarias. Prazo: **30 de setembro**

Rexistro de maquinaria agrícola (ROMA)

Obriga de inscribir no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) toda a maquinaria de labranza, agás instalacións fixas e mochilas e carretas de aplicación de fitosanitarios, **antes do 15 de xullo de 2011.**

Medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Esta convocatoria inclúe dous tipos de axudas: Unha, de pagamento único, para mulleres vítimas con dificultade para encontrar emprego, e outra que supón o pago das indemnizacións ás vítimas establecidas por sentenza xudicial que non a reciben debido a insolvencia do agresor.

O prazo para solicitar as axudas nos casos de mulleres que sofren violencia e carecen de recursos está aberto ate o 30 de novembro de 2011; para solicitar as indemnizacións polos danos e prexuízos ocasionados polas situacións de violencia o prazo estará aberto ate o 31 de outubro de 2011.

Prevención e defensa contra incendios en montes veciñais

Subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común. O prazo de solicitude remata o **13 de maio de 2011**

Axudas para a promoción do emprego autónomo

Programa para promover o emprego autónomo. O prazo de solicitude remata o **30 de setembro**, aínda que non pasasen os prazos específicos de cada tipo de axuda.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio

Indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e para compra de gando bovino e ovino-cabrun para repoñer reses tras sacrificio obrigatorio. Prazo: **21 de novembro.**

1. En todos os casos:

■ **Declaración da renda do ano 2009.**

■ No caso de non ter a declaración de 2009: datos persoais (nome e apelidos, Nº de DNI e data de nacemento) de todos os membros da Unidade familiar.

■ **Datos fiscais** (Carta da Axencia Tributaria).

■ **Referencia catastral da vivenda habitual** (recibo da contribución urbana)

■ **Certificacións de rendementos** de todas as contas bancarias, accións, bonos, dividendos de Sociedades, Cooperativas, Montes veciñais, etc., que esteñan a nome de calquera dos membros da unidade familiar.

Documentación necesaria para a Renda do 2010

■ **Recibos da contribución urbana** que estean a nome de calquer membro da unidade familiar. Importes cobrados por alugueres.

2. No caso de traballadores/as por conta aliea, pensionistas, parados/as:

■ **Certificacións de retencións.** (empresas, INSS, INEM, etc.)

■ **Cotizacións a sindicatos obreiros**, se é o caso.

3. No caso de rendimentos da actividade agraria

■ **Certificados de retencións das empresas le-**

teiras, xateiros, etc.

■ **Facturas de venda de vacas, maquinaria, e demais elementos afectos á actividade.**

■ **Xustificantes de todas as subvencións recibidas no ano 2010** (pagamento único, nutrices, superficies, lactacións, seguros de gando, planos de mellora, prima láctea, etc.).

■ **Subvención do agro-Seguro** (Traer a copia da póliza do 2010)

■ **Informe de indemnizacións de agroseguro, sa-neamento, etc.**

■ **Facturas de venda de madeira** (se é o caso).

No caso de ser necesario, pódese facer un inventario da explotación para deducir polos investimentos realizados nos últimos anos. Para isto, é preciso a relación de todos os elementos afectos á explotación (vacas, maquinaria, instalacións, etc) con data e prezo de compra. Se xa se ten feito en exercicios anteriores unicamente teremos que actualizalo.

4. Outros ingresos, no seu caso:

■ **Documentación xustificativa de venda de fincas, vivendas, activos**

financieros, fondos de investimento, cobros por expropiacións, etc.

■ **Subvencións:** rehabilitación de vivenda cobradas no ano 2010, axudas para compra de coches, renda de emancipación, etc.

■ **Facturas de venda de dereitos de nutrices**, etc.

5. Deducións e reducións:

Aportacións a Planos de Pensións, aluguer de vivenda, hipotecas, etc. (Se as hai)

ROGÁMOSVOS QUE NOS TRAIASES A DOCUMENTACIÓN O ANTES POSÍBEL PARA EVITAR PROBLEMAS DE ÚLTIMA HORA.

LOCAL BETANZOS Vaise a **ALTO XESTOSO** a partir das 17:45 horas / **26 de maio:** recollida de documentación / **9 de xuño:** para levar as declaracións feitas

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Cisterna de 1.300 litros (1.000 €)
-Arrincadora de patacas de 2 sucos (1.100 €)
-Cinta cargadora de 2 metros (200 €)
-Clasificadora Maturana (250 €)
-Fresadora con 180 de corte (2.100 €)
-Tractor 160.D con revisión, en bo estado (3.000 €)
-Arado de mosquito (200 €)
Na zona da Limia (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995

Véndese

-Carro mesturador Nutrifed de 12 metros cúbicos, vertical, con pa de carga.
Chamar ao 615 696 220

Véndese

-Encintadora Wolagri. Bo estado
Chamar ao 655 903 703

Véndese

-Burra, na zona de Baños de Molgas (Ourense).
Chamar ao 669 143 494

Véndese

-Tanque de frío de 3.000 litros. Zona de Friol.
Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Tractor Súper 55-Circuíto de muxido Alfa-Laval de 3 puntos.
-Tanque de frío Alfa-Laval de 730 litros
En Sobrado.
Chamar ao 619 978 883.

Véndese

-Viño do país, augardente e licores.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Cachorros de Mastín Leonés, en Mesía (A Coruña).
Chamar ao 659 927 961

Véndese

-Volkswagen Golf serie 3 1900 diesel coa ITV acabada de pasar.
Chamar ao 677 647 508 polas tardes.

Véndese

-Tractor EBRO 6125DT, dobre tracción e 125 CV
Chamar aos números de teléfono 625 180 903 e 982 177 903

Véndese

por abandono, na zona de Boimorto (A Coruña):
-Tractor de tracción Case 845 de 80 CV.
-Rotativa de 1,70.
-Fresa de 7 rodillos.
-Estendedor.
-Remolque.
-Cisterna de 2.500 litros.
-Cultivador.
-Desbrozadora de brazo.
-Aboadora.
-Vacas do país e xovencas.
Chamar ao 696 090 165

Véndese

-2 becerros Limousin (bos para pais).
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 ou 982 207 733

Véndese

-Tanque de leite de catro muxidos, 1.500 litros, marca PACKO.
Chamar ao 620 276 860

Véndese

-Audi 80 1.9 TDI (Año 93), Turbo intercooler, ABS, aire acondicionado. Impecable. 2.700 € (gastos transferencia incluídos).
-Volkswagen Golf (serie III) 1.9 TD, correa de distribución e rodamentos novos, 2400 € (Gtos. transferencia incluídos)"
Preguntar por Xoán no teléfono 606 616 139

Véndese

-Cinta transportadora de 8 m. Na zona da Limia. Casas da Veiga.
Chamar ao 618 269 375

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Rastrillo e potro de mirar os pés ás vacas. Bo estado.
En Cambre (A Coruña)
Preguntar por Guzmán no teléfono 981 670 725.

Véndense

-Xata rubia e frisonas.
-Tanque de frío de 3.000 litros.
Chamar aos números 982 157 768 e 697 422 304 (Portomarin).

Véndese

-Seat Toledo. Bo estado e prezo.
Preguntar por Xabier no teléfono 617 819 778

Véndese

-Máquina segadora rotativa de dous tambores marca CLASS, 1,85 de corte, botella hidráulica.
Chamar ao 651 097 098

Véndese

-Rotoempacadora MORRA Especial 1.200, en bo estado e con documentación no concello de Sobrado dos Monxes (A Coruña).
Chamar ao 981 787 679

Véndese

-Colleitora de patacas de dous regos marca GUERRA. Con 5 campañas (800€). Zona Betanzos.
Preguntar por Xesús no teléfono 626 886 645

Véndese

-Aboadora na zona de Mesía.
Chamar ao 981 694 167

Véndense

-Rolos de herba seca, en Neira de Rei (Lugo).
Chamar ao 630 906 599

Véndense

-Vacas e xovencas, raza Frisona. Con carta.
Chamar ao 686 878 699

Véndese

-Autocargador KRONE 2900 Turbo
-Coche BMW 316, ano 1994, 210.000 Km (1.800 € negociables). Zona de Oroso (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 695 588 ou 616 343 611

Véndense

-Vacas e xovencas frisonas.
-Maquinaria agrícola: Picador, estendedor e rotativa.
En Portomarin (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Véndense

-Repartidor de esterco marca Herculano. 6'5 m3, 4 molinetes verticais. Ano 2001. Unha soa man, con documentación. Pódese probar.
Na zona da Limia (Ourense).
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Cisterna 3000 litros con depresor de 5000 litros seminova
-Enroladora John Deere 570
-Rotativa Deutz Fahr 1.95
-Autocargador JB 22 m
Todo seminovo. Zona de Lugo.
Tlfo. 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Autocargador rotativo que funciona. Económico. Zona Curtis.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Coche Audi 80 1.8 E
-Muíño para moer millo en cana verde para enganchar a tractor
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260 (Paradela, Lugo)

Véndense

-Vacas do país, chegadas a parir.
Chamar ao 617 243 526 (Melide)

Véndese

-Xovencas frisonas. Boa xenética. Control leiteiro. Libre IBR, BVD. Media produción gandeira de 10.300 litros. Cualificación de 81. (Betanzos)
Chamar aos números de teléfono 610 962 132 ou 981 196 919

Véndese

-Emboladora Carraro 1200.
-Rotativa de 2 discos.
Preguntar por Xosé Luís no número 982 450 326. O Saviñao.

Véndese

-Invernadoiro de 250 m² na zona de Silleda.
Chamar ao 628 615 877

Véndese

-Empacadora BATLLE modelo 142. En Becerreá.
Chamar ao 686 386 215.

Véndese

-Canón de rego de 300 m. e manguera de 90 cm. En Sandiás (Ourense).
Chamar ao 677 121 034

Véndense

-Parrulos (patos). Preguntar por Manuel no 661 586 023.

Véndese

-Explotación de horticultura inscrita no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, situada en Pontearreas (Pontevedra). Superficie total: 6.600 m². Instalacións: invernadoiros (2.000 m²), galpón e baño (40 m²), depósito de auga (30 m³) e pozo.
Preguntar por Roberto no teléfono 652 665 350

Véndense

-40 rulos de herba seca.
Chamar ao 982 176 748.

Véndense

-Tractor dobre tracción con 3.300 horas. 80 CV
-Desbrozadora de 1,60m dous anos.
Chamar ao 667 469 962

Véndese

-Land-Rover corto 2500.
-Mitsubishi corto 2500.
Con revisión recen pasada.
Preguntar por Martín no teléfono 648 911 341

Véndese

-Autocargador picador Pottinger Faro 3500, con 150 horas de uso.
Chamar ao 647 777 498 de 19 a 22 horas. Comarca do Deza.

Véndense

-Circuito de muxido de 5 puntos.
-Rulos de rilo e herba seca.
Chamar aos números de teléfono 659 213 085 e 981 196 888

Véndense

-Pisón de 190 cms. con rodas.
-Ringleirador de correas súper 160.
Chamar aos números de teléfono 981 788 693 e 626 591 251

Véndese

-Silo de penso.
Preguntar por Francisco Prieto no 982 137 525

Véndense

-Rulos de herba seca (Lugo).
Chamar ao 646 665 896

Véndese

-Remolque semipicador Marangón de 22 metros. Descarga hidráulica.
Chamar ao 638 556 506

Véndese

-Mel ecolóxico, sen ningún tipo de aditivos. Zona da Mariña.
Preguntar por Xosefa no teléfono 608 920 360.

Véndese

-Persiana metálica de 3 m. de alto e 3'5 m. de ancho.
Preguntar por Remedios no teléfono 691 997 142

Véndense

-Sementes de cogomelos para cultivo. En Salvaterra de Miño (Pontevedra).
Preguntar por Miguel Ángel en en miguel_arm187@hotmail.com ou no teléfono 600 922 101

Véndense

-Tanque de frío de 250 litros.
-Segadora rotativa de dous discos e 1,85 de traballo
Chamar ao 982 154 274

Véndense

-Lampreas do río Miño
Preguntar por Esteban no teléfono 656 544 060 ou escribir ao correo esgesva@hotmail.com

Véndense

-4 silos de chapa e patas galvanizadas con capacidade para un tráiler de penso. En Rairiz de Veiga.
Preguntar por Manuel no número de teléfono 600 603 338

Véndense

-Rotoempacadora CLAAS Variant 280, ano 2004, Pic-uk 2'10 ancho, rodas 400. En moi bo estado.
-Repartidor de esterco Herculano, ano 2001, 6.500 quilos, 4 rodillos verticais, roda 400. En moi bo estado.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Mazo eléctrico de ferreiro. (Lugo).
Chamar ao 982 150 232

Véndese

-Desensiladora de dobre coitela con poldro acabada de reparar. Zona de Friol.
Chamar ao 982 183 019

Véndese

-Xovencas frisonas próximas ao parto libres de BVD, IBR, etc. Preguntar por Aurora nos teléfonos 680 660 961 e 982 313 052

Véndese

-Carro mesturador con fresa. Zona Curtis.
Chamar ao 650 158 948

Véndense

-Pacas pequenas de herba seca na zona de Touro.
Chamar ao 676 463 128

Véndense

-Autocargador Santini
-Tanque de leite de 550 litros (zona de Chantada)
Chamar ao 657 397 499

Véndense (por xubilación)

-Remolque autocargador Lacasta P11
-Cisterna Carruxo 4.000 litros
-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous
-Tanque para leite Packo 800 litros
-Circuito Manus 4 puntos
-Sulfatadora para tractor
-Rotoempacadora carro Mascar 120
-Preguntar por Raúl no teléfono 982 312 200 (Castroverde)

Véndense

-Rolos de herba seca.
Chamar ao 659 643 489

Véndese

-Herba seca. En Cospeito.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndense

-Quad Suzuki LTZ 250, ano 2007, con cambio semiautomático, transmisión por cardan (de baixo mantemento), separadores traseiros, grellas de aluminio, escape de inox e cubremanetas. Particular. Impecable. Mellor ver (1.000 Km). Prezo: 2.000 €.
Chamar ao 661 808 545

Véndense

-Remolque tradicional.
-Autocargador Pottinger.
-Silo Profi.
-Tanque de frío Alfa Laval de 3.800 litros.
-Pisón.
En Sobrado dos Monxes.
Chamar ao 630 883 662

Véndense

-Sala de muxir MIELE, liña alta 4 puntos, dous medidores porcentuais.
-Tanque de frío tipo bañeira (1.060 litros) marca JAPI.
Zona Betanzos.
Preguntar por Francisco no teléfono 689 005 541.

Véndese

-Herba Seca
Chamar aos números de teléfono 986 68 18 29 e 639 683 278.

Véndese

-Carretila sulfatadora de 2 rodas (100 litros). Na zona de Betanzos.
Chamar ao 696 977 740

Véndense

-Cachorros de Mastín dos Pirineos e Mastín Español.
Preguntar por Paco no teléfono 626 194 490

Véndense

-Xovencas.
-Tanque de frío de 3.000 litros.
-Lavadora Alfa Laval.
-Separadores de cúculos.
En Portomarin (Lugo).
Preguntar por Sandra nos teléfonos 697 422 304 e 982 157 768

Véndense

-Silos de penso de 5.000 e 2.000 quilos.
Preguntar por María Xesús no número 629 927 005 (Compostela)

Véndese

-Autocargador Lascasta 22 m. En bo estado (zona de Xallas).
Chamar ao 981 894 317.

Véndense

-Rulos de silo.
-Autocargador Bonino con rotativa.
-Silo de penso de 4.000 quilos, con división interior, en bo estado.
Chamar ao 981 790 331.

Véndense

-Rotativa de 1,85 por 1.200 euros.
Chamar ao 649 147 614.

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 313 084.

Véndese

--Autocargador Class.
-Ventilador para as cortes. (Zona Compostela)
Chamar ao 677 244 325

COMPRAS

Mércase

-Abono de polos.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Mércase

-Muíño de cereal con adaptador para tractor.
Chamar aos números de teléfono 666 396 285 ou 988 454 227

Mércase

-Segadora para acoplar ao terceiro punto do tractor. En Rairiz de Veiga.
Preguntar por Manuel no teléfono 600 603 338.

Mércase

-Herba seca. Na zona de Oza dos Ríos.
Chamar ao 689 532 023.

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese

-Persoa responsable e con experiencia para traballar en explotación gandeira ou agraria, tanto ao xornal como a xornada completa. Desbroces de montes e parcelas. Preferiblemente comarcas do Condado e Paradanta (Pontevedra).
Chamar ao 659 623 020

Fanse

-Traballos en pozos artesáns (limpar, afondar, emparedar...). Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con manguera ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martelo picador e equipo de ventilación.
Desprazámonos. Presupostos sen compromiso.
Preguntar por Fernando no número 662 084 529

Busco traballo

-Experiencia en administración e contabilidade de empresas. Disposibilidade para viaxar.
Preguntar por Lorena no teléfono 616 014 551 ou escribir ao enderezo: lorena-bodeal@hotmail.com

Precísase

-Unha persoa para traballar nunha explotación de leite a media xornada no concello de Aranga.
Chamar ao 680 547 556

OUTROS

Regálase

-Can de palleiro de 1 ano. Moi agarimoso.
Chamar ao 988 457 400 (noite)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Alerta na sementeira de millo no 2011!!

Unha das ameazas máis sérias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora, está empezando unha forte presión para que sementemos millos transxénicos. Ofrecemos algunhas das razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resemantar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos van cambiar, **porque estamos falando de sementes artificiais que se conseguen en laboratorios introducíndolles xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como é cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo van quedar no millo e que as vacas van comer. Isto, ademais de supoñer un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

Nomes comerciais do millo transxénico MON 810

FOGGIA	DKC5784YG	KARTERYG	ES BLASON
ACCUA YG	DKC5018YG	KAVALAYG	PR31D61
ARENA YG	DKC6041YG	KURATUSYG	PR31N28
ARISTIS BT	DKC6675	LG3711YG	PR32G49
ASTURIAL BT	DKC6667YG	MAS52YG	PR32T86
AZEMA YG	ES ANTALYA YG	MAS58YG	PR32W04
BELES SUR	ES ARCHIPEL YG	MAS60YG	PR33B51
CAMPERO BT	ES MAYORAL YG	MAS71YG	PR33P67
CARELLA YG	ES CAJAUYG	PR35Y69	PR33Y72
ES PAOLIS YG	ESMILONGAYG	PR36B09	PR34N44
HELEN BT	LUSON BT	SF1035T	PR34P86
JARAL BT	KADENAYG PONCHO	SF1112T	PR35A56
EVOLIA YG	KARDANYG	SF4701T	* * *

Eu non semento millo transxénico. E ti?